
Juan Carlos Moreno Cabrera (2000), *La dignidad e igualdad de las lenguas: crítica de la discriminación lingüística* (=Alianza Ensayo; 154). Madrid: Alianza Editorial. 316 pp. (234 pp. + 5 apéndices + bibliografía + 2 índices).

É habitual atopar en linguas que non son do noso entorno inmediato obras de divulgación científica e humanística que gozan dun certo éxito editorial e que, sen renunciaren ao rigor científico, conseguen chegar a un público tanto especializado como leigo: é o caso de obras de Carl Sagan, Roger Penrose, Stephen Jay Gould, Daniel C. Dennett... e, no relacionado coa linguaxe, David Crystal, Jean Aitchison ou Gerry T. M. Altmann. Ademais de achegaren un estado da cuestión, axudan a que certas cuestións científicas mesmo especializadas encontren eco na opinión pública. De aí a importancia que unha fórmula deste tipo se aplique á cuestión da discriminación lingüística, en cuxa literatura se mesturan libros especializados, opinións xornalísticas e cartas ao director. *La dignidad e igualdad de las lenguas: crítica de la discriminación lingüística* responde a tal esquema, combinando divulgación e rigor para dirixirse a expertos e público en xeral (p. 13). O mesmo título apunta cal debe ser o sentido desa *igualdade*, ao opoñela a *discriminación*: é o mesmo que ten cando falamos da igualdade da especie humana. As linguas son distintas, pero iguais (en perfección, en utilidade, en historia, en dereitos...): é unha idea básica que percorre toda a obra, e negala ten consecuencias prácticas, a discriminación. Este é o segundo concepto que acouta, e que define como “toda aquela actitude hacia las lenguas o variedades lingüísticas que se base en la idea de que éstas se pueden clasificar en tipos y que existen diferencias entre esos tipos, que pueden justificar la concepción de que unas son superiores a otras total o parcialmente” (p. 15). Tal definición amplía a noción de discriminación lingüística en dúas direccións. En primeiro lugar, tamén se pode discriminar as chamadas variedades lingüísticas, é dicir, toda forma de fala real. En segundo lugar, discriminar non é só actuar explicitamente contra unha lingua ou os seus falantes; tamén o é manter unha actitude ou unha opinión que poidan xustificar que unha lingua ou variedade é inferior ou peor ca outras. A diferenza dos que cren que o igualitarismo é unha idea voluntarista sen base científica ningunha –unha crítica que tamén xurdiu noutras loitas pola igualdade–, Moreno considera “absolutamente imprescindible demostrar que la idea del igualitarismo lingüístico se plantea, no como un prejuicio que no se basa en lo que la lingüística moderna sabe sobre los idiomas conocidos, sino como una deducción razonada que se realiza a partir de esos conocimientos acumulados durante siglos” (p. 13). A obra achega ese coñecemento a un público moi amplo, criticando algunhas ideas discriminatorias que a miúdo se fan públicas (ás veces en libros de “especialistas”) e que semellan estar moi arraigadas. O primeiro mito que derruba é o da suposta obxectividade dos lingüistas: estes non están libres de prexuízos, e amósao tomando decote como punto de partida para os seus comentarios afirmacións de lingüistas como Černý (1998), Manjón / Luque (1997), Salvador / Lodares (1996) e, moi especialmente, os traballos recollidos en Salvador (1992).

Nas primeiras páxinas recolle (ás veces de forma explícita) os principios e teses básicas que quere defender no libro, e que se ilustrarán con casos de diferentes linguas do mundo. O propósito principal é pór de manifesto os xuízos de valor disfrazados de análises neutrais e obxectivas dos lingüistas, máis perigosos que os xuízos inxenuos e simples dos non especialistas (p. 13). A súa tese fundamental é que “no tenemos conocimiento científico de ninguna característica lingüística que permita determinar si una lengua, dialecto, variedad lingüística o habla es mejor o peor [...] que otra, ya sea parcial o totalmente” (p. 16); dela tírase que “ninguna clasificación de las lenguas que sirva para establecer una prelación de excelencia de las mismas tiene base científica. Tampoco se deben utilizar estos criterios para marginar a un hablante o comunidad lingüística por razones de lengua ni para inducirle un menosprecio de su propio idioma” (p. 16). Moreno é consciente de que tales xuízos adoitan ter consecuencias prácticas para unha comunidade e uns individuos, e cre que un especialista non pode obviar tal feito no seu traballo. Ao longo das seguintes páxinas aparecerán outros postulados, como que “todas las lenguas del mundo pertenecen a la misma especie de sistema comunicativo y que ello no impide diferencias muy notables entre los diversos individuos, las lenguas, que pertenecen a esa especie” (p. 19).

Os dezanove capítulos (máis un vixésimo de conclusión) vanse ocupando de diversas cuestións habituais no debate sobre as linguas, mesmo dalgunhas que poden semellar superadas no debate científico. Trátanse a orixe e a esencia da linguaxe e as linguas, a diferenza entre lingua e dialecto, a diversidade lingüística, a excelencia duns tipos lingüísticos fronte a outros, a relación entre lingua e sociedade, entre tipo de lingua e mentalidade, a facilidade relativa de certas linguas, a regularidade lingüística como índice de perfección, a construción do estándar, o estatus da lingua escrita e da falada, etc. De todas as ideas expostas, destacaréi tres non por seren máis importantes, senón pola súa relación con certos preconceitos reiteradamente repetidos, mesmo en obras especializadas sobre situacións de contacto lingüístico. Unha das formas máis atractivas de tratar a relación entre comunidade e lingua –e o estatus desta– é a que incide en como os poderes e os ideólogos se apoderan das linguas e constrúen discursos sobre elas (respecto das súas orixes, da súa excelencia, do seu devir histórico) que a miúdo caen no mito (os traballos da Análise Crítica do Discurso son un bo exemplo da produtividade desta liña de estudo). Algúns traballos actuais destacan cómo hoxe en día se constrúen discursos sobre as linguas que pugnan por seren hexemónicos, unhas veces falseando a historia, outras obviándoa. Moitas veces, estes traballos denuncian –moi acertadamente– o que consideran un apropiamento da lingua por parte dos ideólogos, pertenzan ou non ás elites. Nalgunhas ocasións, déixase a crítica neste punto, co que só serve para desprestixiar os criticados; noutras, a solución é deixar a lingua en mans doutros ideólogos distintos. Moreno, pola contra, devolve a lingua a quen pertence, aos seus falantes (véxase a obra en xeral e, especialmente, do capítulo 13 en diante): na súa práctica e vontade diarias descansa non só a súa planificación, senón a súa gramática, o seu léxico, etc. Esta visión casa moito mellor co que é a realidade histórica das linguas e os seus procesos de cambio. En segundo lugar, quero destacar a breve referencia ao sesquilingüismo (p. 67): enténdese por

tal aquela situación de contacto lingüístico en que os individuos falan cadansúa lingua e posúen competencia pasiva na dos seus interlocutores. Adóitanse presentar como anormais e indesexables estas situacións, fronte ás de monolingüismo (o desenvolvemento de sabires e crioulos entraría nesta categoría) e as de bilingüismo con competencia activa en varias linguas. Sen embargo, son situacións habituais ao longo da historia, que poñen en relevo que hai outras posibilidades de coexistencia das linguas, e que o prioritario da actividade lingüística é a comunicación, algo que ás veces se esquece. Por último, cómpre deterse no penúltimo capítulo, o dezanove, en que se ocupa especificamente da responsabilidade dos lingüistas perante a discriminación e a perda de linguas, e promove unha actitude activa e comprometida coa súa conservación e documentación, con argumentos moi próximos á ecoloxía lingüística. A desmitificación do lingüista feita ao principio da obra pecha aquí o círculo (e a obra), ao reclamarlle que sexa consciente do seu papel e da utilidade do seu traballo no tempo e lugar en que vive.

Os vinte capítulos difiren moito na súa extensión: van das dúas páxinas escasas do capítulo 3 ás vintenove do capítulo 5. Esta estrutura aparentemente atomista facilita a lectura e fai destacar os temas tratados. Vense complementados con cinco apéndice. O primeiro deles, “A. Cien mitos, prejuicios y tópicos sobre las lenguas”, é quizais o máis interesante, e organízase por áreas a que afectan tales prexuízos: orixe das linguas e da linguaxe humana; número de falantes das linguas; estado, nación e lingua estándar; facilidade e dificultade das linguas; variedades lingüísticas e prestixio social; a lingua materna; idioma e léxico; lingua escrita e cambio lingüístico; filólogos, tradutores, lingüistas e outras especies intelectuais. Moitos deles xa foran tratados nas páxinas anteriores, pero sublínfaos ao facelos explícitos baixo un enunciado específico a que segue a argumentación en contra. Ademais de resumir ben o xa dito, incorpóranse tamén novos prexuízos, en gran medida corolarios doutros; o listado podería ser máis breve, pero deste xeito póñense de manifesto mitos que adoitan estar implícitos noutros. A argumentación en contra está case sempre ben elaborada, baseándose en datos científicos de diferentes linguas, no sentido común, na contradición entre diferentes afirmacións prexuízosas ou na indemostrabilidade do afirmado (que se volve cuestión de fe, sobre todo no caso dos mitos). Sen embargo, nalgunha ocasión simplemente nega o afirmado: é o caso do número “70. *La lengua materna sólo puede ser una*. Un ser humano está capacitado para adquirir dos o máis linguas como linguas primeiras”; ou do “71. *La lengua materna es la que mejor se habla*. No necesariamente la lengua nativa es la que se habla con más fluidez”. É moi posible que non necesiten unha maior argumentación que multiplicaría o número de páxinas, pero contrasta co espazo adicado a outras. Se ben non atoparemos datos para argumentar contra algunhas das afirmacións, xa de por si este apéndice é útil pola enunciación de moitas opinións aparentemente obvias que forman parte do saber popular sobre as linguas, e que aparecen moitas veces apoiando opinións en prensa e obras mesmo de expertos. A súa mera enunciación invita a reflexionar, como é o caso de “la variación y el cambio lingüístico se deben al descuido e incultura de los hablantes” (n.º 81), “en una lengua no escrita no hay criterios para establecer algún tipo de norma” (n.º 84) ou “las lenguas no escritas no tienen literatura” (n.º 85).

No apéndice B recolle brevemente diferentes linguas de Europa en perigo. No C aparece unha pequena pasaxe (2-3 liñas) do *Cantar dos Cantares* en diversas variedades do inglés de Inglaterra, que amosa o difícil que é diferenciar entre lingua e dialecto e a gran variedade interna das linguas. No apéndice D ofrece o comentario gramatical dun conto popular chucoto e un comentario lingüístico-literario dun poema akano, que demostran que non hai linguas máis primitivas ou pobres que outras. Por último, o apéndice E acolle varios artigos da Declaración Universal dos Dereitos Lingüísticos, referentes sobre todo á comunidade, á súa identidade e á súa escolla de lingua nos procesos de educación e socialización dos individuos.

A bibliografía é ampla e combina obras clásicas e actuais, de que recomenda algunhas marcadas con asteriscos. A selección responde ao amplo tipo de lector a quen se dirixe. Existen pequenos erros sen importancia: ausencia dalgúns datos nas referencias bibliográficas; atribúe a Luca e Francesco Cavalli-Sforza –quizais por inercia, ó seren autores de *Quiénes somos. Historia de la diversidad humana*– o libro de *Genes, pueblos y lenguas*, do que é autor Luigi Luca en solitario... Os índices de autores e linguas, sempre útiles –e eliminados a miúdo e inexplicablemente nas traducións–, facilitan moito o manexo da obra e a recuperación de información. A cohesión da obra ven dada sobre todo pola organización dos materiais e a repetición das súas teses básicas. O autor prima a claridade na exposición explícita de principios e prexuízos. Todo isto, xunto cun estilo sinxelo e preciso, fai doado assimilar os contidos expostos. Moreno Cabrera constrúe unha obra axeitada para unha ampla gama de lectores, moi recomendable como lectura para alumnos dos primeiros cursos de licenciatura, ou como texto previo a un curso de sociolingüística.

Referencias bibliográficas

- Černý, J. (1998). *Historia de la lingüística* (Cáceres: Universidad de Extremadura).
- Manjón Pozas, F. J. / Luque Durán, J. (1997): “Aspectos lingüísticos e ideolóxicos en la valoración de la diversidad y perfección de las lenguas del mundo”, en J. A. de Molina Redondo, J. A. / Luque Durán, J. (eds.): *Estudios de Lingüística General (II)*: 203-222 (Granada: Método).
- Salvador, G. (1992): *Política lingüística y sentido común* (Madrid: Istmo).
- Salvador, G. / Lodaes, J. R. (1996): *Historia de las letras* (Madrid: Espasa-Calpe).

Manuel Fernández Ferreiro